

## e Publicidade

Fac. CC. Sociais e  
da Comunicación  
Campus Universitario  
E-36005 Pontevedra

Tel. 986 802 072

www.uvigo.es  
dep14@uvigo.es

### ACTA COMISIÓN PERMANENTE DO DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E

#### PUBLICIDADE (X14) CELEBRADA O DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2021

A comisión reúnese en segunda convocatoria, ás 12.00 horas, na Sala de Xuntas 1 da Facultade Ciencias Sociais e da Comunicación a través do Campus Remoto.

Asisten: Beatriz Legerén Lago, María Isabel Moreira Recamán, Fortunato Rodríguez Fernández e Xabier Martínez Rolán.

Desculpan a ausencia: José Rúas Araújo e Julia Fontenla Pedreira.

Pola ausencia do director do Departamento asume a dirección en funcións a actual secretaria, Beatriz Legerén, e exerce de secretario en funcións Xabier Martínez Rolán

Punto 1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior.

- Apróbase a acta da sesión do 24 de maio de 2021.

Punto 2. Designación de tres docentes para formar parte do tribunal avaliador para a revisión de TFG:

- Beatriz Legerén informa da reclamación formulada polo alumno Pablo Couto García en relación á cualificación obtida na defensa do TFG da súa titulación, o grao en Publicidade e Relacións Públicas. Nunha primeira reclamación, avaliada polo tribunal inicial do traballo, subiuse a nota de 6'5 a 7 puntos. O alumno, desconforme, interpuxo unha nova reclamación ante o Decanato, e este traslada ao Departamento dita cuestión para nomear un novo tribunal que resolva esta cuestión dentro do prazo establecido, que finaliza o 8 de setembro.

A proposta da Dra. Legerén é que o tribunal estea composto polos profesores doutores de Publicidade e Relacións Públicas: Juan Manuel Corbacho Valencia, Jorge Lens Leiva e María Isabel Míguez González.

Sométese a votación a composición deste tribunal.

Apróbase.

Punto 3. Rolda de intervencións.

- Non se formulan

Sen máis intervencións nin asuntos que tratar levántase a sesión ás 12:15 horas.

Pontevedra, 2 de setembro de 2021.

SECRETARIO EN FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

DIRECTORA EN FUNCIÓNS DO DEPTO.

Asdo.: Luis Xabier Martínez Rolán



Asdo.: Beatriz Legerén Lago